

Para repor enerxías

De 16:00 a 20:00 h. En catro horas de xogo e diversión fai falta recargar as baterías! A zona de descanso da Cidade Imaxinaria agárdavos con bebidas e petiscos variados de aquí e de acolá, doces e salgados, para repor enerxías entre tanta festa rachada.



Visita as exposicións do Museo Centro Gaiás


Cidade Imaxinaria é unha oportunidade única para gozar en familia do lecer, da diversión e tamén da arte. Aproveitade a xornada para coñecer as exposicións que acolle o Museo Centro Gaiás, para as que ademais contadas con visitas comentadas de balde ás 17:30 horas:

- **Valor e Mestría. Galicia como fútbol.**
- **Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia.**



Horarios

De 16 a 20 horas



Volvemos en agosto!

Esperamos que gocedes destas catro horas ininterrompidas de circo, maxia, música, teatro e moito humor e diversión, mais sabemos que disto nunca ninguén cansa! Así que lembrade deixar folgos para a cita de Cidade Imaxinaria Verán. Voltamos vernos o 24 agosto!



Servizo de buses

Servizo de reforzo de autobús urbano Praza de Galicia–Gaiás cada 20 minutos:

Centro → Gaiás	Gaiás → Centro
14:20 h, 15:00 h, 15:40 h, 16:20 h, 17:00 h, 17:40 h, 18:20 h, 19:00 h, 19:20 h, 20:20 h, 21:00 h.	14:00 h, 14:40 h, 15:20 h, 16:00 h, 16:40 h, 17:20 h, 18:00 h, 18:40 h, 19:20 h, 20:00 h, 20:40 h, 21:20 h.

Servizo regular:

- L9 Liña 9**
Sábados mañá. Cada 60 min., de 09.00 a 13.00 h
- C11 Liña C11**
Sábados tarde. Ao paso por Xeneral Pardiñas. De 17.10 a 20.15 h

+info transporte urbano: tussa.org | www.cidadedacultura.gal

GAIÁS CIDADE DA CULTURA



CIDADE IMAXINARIA

Primavera

ESPECTÁCULOS DE PISTA

01

On time

De 16:30 a 17:00 h. e 19:00 a 19:30 h. Unha parella esperta para vivir os seus soños, redescubriendo a rutina como un xogo acrobático delirante. Neste espectáculo de circo de rúa, a lixeira do humor e a enerxía da acrobacia convidanvos a soñar espertos e lémbra-los o lindo que é querer, crer e voar.

02

Imagine Dixie fly

De 17:00 a 17:30 h. e de 19:30 a 20:00 h. Espectaculares coreografías, cambadelas, viravoltas e acrobacias aéreas que vos deixarán sen alento! Nin sequera pestanexedes para non perder nada dos increíbles voos e piruetas da Kambahiota troupe.

04

Esencial

De 18:15 a 19:00 h. Á Cidade Imaxinaria chegan uns feirantes que vos transportarán ás barracas de feira nas que todo é posible. Nun espectáculo que xoga coa simplicidade, artellado arredor dunha versión xigante do Arco da Vella Waldorf, Esencial lévanos da simetría ao caos e do caos á harmonía.

03

Out of the blù

De 17:30 a 18:15 h. Clown, malabares, manipulación de obxectos e sobre todo moito humor neste espectáculo de teatro de rúa no que Francesca Martello tenta tender a roupa. Aínda que a súa lavadora non lle vai poñer as cousas fáciles!

05

Escola de Saltimbanquis

De 16:00 a 20:00 h. A escola de circo non pode faltar na Cidade Imaxinaria! Con 4 espazos para deixar saír o saltimbanqui que todos levamos dentro: zona de malabares, zona acrobática, zona de aéreos e zona de equilibrios. A vosa cativada descubrirá talentos circenses nunca antes explorados!

06

O Bosque dos sentidos

De 16:00 a 20:00 h. Espazo para bebés de 0 a 3 anos. Un recuncho onde gozar dun tempo de distensión e sensacións, deseñado para fomentar o descubrimento e a experimentación sensorial a través do tacto, da vista, do son e das texturas.
*Ocupación máxima: 20 bebés, sempre acompañados/as dun adulto.

07

Els recicloperats

De 16:00 a 20:00 h. Xogas? Dos anacos, dos materiais de refugallo e dos miolos de Katakak xorden trebellos interactivos para espertar a vosa curiosidade e o voso enxeño. Saberedes resolver estes crebacabezas mecánicos?

08

Labirinto

De 16:00 a 20:00 h. Un mar de paredes de cores cheo de encrucilladas no que perderse será a mellor das aventuras. Nesta rede de múltiples corredores e só unha saída agárdanos enigmáticas portas, adiviñas visuais e probas de habilidade: o que sabedes e o que facedes creará o voso propio camiño!

Z

Billevesées

De 16:00 a 20:00 h. Calquera diría que puideron agromar durante a noite no xardín! Na zona de relax da Cidade Imaxinaria emerxen estas esculturas de cores que vos transportan a unha sorprendente taberna onde compartir sen présa momentos, vivencias e conversas.



ESPAZOS LUDICOS PARA IMAXINAR



Punto de información



Aseos



Food Truck



Cruz Vermella



Cantina



Postos de petiscos

ESPECTÁCULOS ITINERANTES

Os Coruscantes

De 16:45 a 17:30 h. e de 18:30 a 19:15 h. Cansos de agardar, os Coruscantes veñen ao voso encontro. Viaxeiros coloridos con longos pescozos e un divertido corniño, este trío de seres fantásticos adora compartir convosco os seus paseos errantes na procura da beleza do invisible. Non vos apetece acompañalos?

Arrumadores de pessoas

De 16:00 a 16:45 h. e de 17:30 a 18:15 h. Existen os organizadores de roupa, de discos, de libros, do lixo... Agora chegan os organizadores de persoas! Seguro que esta proposta vos sacará un sorriso, ademais de manter a organización, claro... porque non se pode ter a xente así, toda desarraxada!